

“En casi todas as especies de animais altamente especializadas (é decir, nunha maioría) pódese dar ou indicar o complexo de condicións externas típicas da especie, que deben de ser satisfeitas a fin de que esa especie se manteña, viva e se reproduza. Agora ben, eu non podo atopar ese complexo de condicións naturais dadas de antemán para o xénero home, coa excepción de algunhas moi xerais, válidas para todo organismo (aire, certas condicións de presión atmosférica, etc.). O home non vive nunha relación de acomodamento orgánico ou instintivo a calesquera condicións concretas externas, senón que a súa constitución forza, pero produce tamén unha actividade intelixente e planificadora, que lle permite afrontar técnicas e medios para a súa existencia a partir de constelacións moi arbitrarias de circunstancias naturais mediante unha mutación das mesmas. Por iso vémolos vivir en todas partes, moi ao contrario das rexións xeograficamente moi circunscritas de todos os animais especializados. Vive nos desertos e nas rexións polares: xunto a antílopes e osos polares; nas altas montañas, estepas e selvas virxes, na auga e en todos os climas, pero sobre todo nas cidades. De ahí que non se poda sinalar unha disposición específica, valedeira para todo o xénero...

O home pode todo isto porque créase para se mesmo a súa esfera cultural a partir de calesquera circunstancias existentes. Esa esfera ten nel o lugar do medio ambiente ou *circum-mundo*, e pertence agora ás condicións de vida naturais deste ser non especializado e orgánicamente carente de medios. Por iso, a cultura é un concepto antroponiolóxico e o home, por natureza, un ser cultural. Un aborixen australiano dispón xa duns douscentos aparatos e técnicas, por medio das cales afirmase no seu desconsolador entorno. Por tanto, cultura é, nunha primeira aproximación, a totalidade dos medios materiais representativos; das técnicas obxetivas e as técnicas mentais, incluíndo as institucións polas que se mantén unha determinada sociedade.”

(Arnold Gehlen. *O home. A súa natureza e o seu lugar no mundo.*)

Cuestións Texto:

- 1) ¿O ser humano habita unha rexión xeográfica natural propia? Con outras palabras: ¿Posúe a especie humana un medio ambiente natural particular? Razona a resposta e aporta unha cita para xustificar a túa resposta.
- 2) Explica coas túas palabras a frase subliñada do texto. ¿A que se refire o autor ao falar de *mutación*?
- 3) No caso dos animais: ¿Cada especie animal habita unha rexión xeográfica natural propia? ¿Por que?
- 4) ¿Cal ven a ser, segundo o autor, o *circum-mundo* propio do home?
- 5) ¿O texto defende unha visión do home como ser natural? Xustifica a resposta e recolle unha cita do texto para apoiar a túa contestación.
- 6) Define coas túas palabras o concepto de *cultura* que aparece no texto e copia a correspondente cita.